Acta da Xunta de Persoal Docente e Investigador da Universidade de Vigo

correspondente á sesión ordinaria celebrada o
xoves 10 de marzo de 2011

Iniciouse a sesión ás 17:00 do día 10 de marzo do 2011 na Sala de Xuntas do Edificio de Fundición coa asistencia das persoas que se indican a continuación:

> Aquilino S. Alonso Núñez (CIG); Xavier Roca Pardiñas (CIG); Xosé Antón Vila (CIG); Luis Anido Rifón (CIG); Xavier Simón Fernández (CIG); Gloria M. Pena Uris (AGPTU); Natividad Calvo Ruibal (AGPTU); María Vera Isasa (AGPTU); Manuel Ramos Cabrer (UXT) e Joám José Santamaria Conde (UXT).
>
> Desculpan a ausencia A. Javier García Núñez (UXT) e Manuela Raposo Rivas (UXT).

Trátanse os seguintes puntos de acordo coa orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior. Aprobouse por asentimento a acta da sesión de 13 de decembro de 2010.

2. Informe da Presidencia. O Presidente da Xunta de PDI informou que recibira o desglose dos gastos de Acción Social e tamén informou sobre a constitución da Mesa de Negociación. Sobre esta última manifestou que, en caso de que fose necesario, a Xunta de PDI-F ratificaría a aprobación da Mesa de Negociación cando estivese aprobado o Regulamento da Mesa de Negociación.

3. Pagas Extras. Despois dun longo debate, acordouse por unanimidade solicitarlle ó Reitor unha entrevista para tratar das pagas extras.

4. Rogos e preguntas. Non houbo.

E sen máis asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 17:50 horas.

Vigo, 10 de marzo de 2010

O Secretario — O Presidente

Asdo. Xavier Roca Pardiñas — Asdo. Aquilino Alonso